

ÁRBORE XENEALÓXICA

Despois de darse a coñecer con *Choiva, vapor e velocidade*, Raúl Gómez Pato ofrécenos un novo volume de poemas, *A casa deshabitada da familia Pena*, que segue a liña experimental da súa obra anterior. Agora o poemario constrúese como a árbore xenealóxica dunha familia que se inicia con Alfeo Pena Santos quen afirma: “*Hai quen escribe palabras,/ pero eu coloco pedras/ para que o meu nome sexa completo*”. Morte, emigración, desamor e sentimentos de diverso tipo van poboando os cuartos da casa da familia Pena que acaba sendo habitada, cos seus fantasmas incluídos, por un “*poeta e a súa muller*” que buscan, no primeiro texto, predio para restaurar e rematan facéndoa súa.

Tempos Novos, 58, marzo 2002, p. 73